

O LANZAL

Revista anual do CEIP O Pombal
CURSO 2010/2011

Monográfico:
"o medio ambiente"



ÍNDICE

Cartas á Editorial	1
Patrulleiros e horto escolar (Dinamización linguística).....	3
Árbores de folla caduca (inf. 3 anos A)	5
As árbores cambian de aspecto... (inf.3 anosB).....	6
As dunas de Corrubedo (inf. 4 anos).....	7
Árbores con froito no outono (inf. 5 anos A).....	8
Árbores de folla perenne (inf. 5 anos B).....	9
Aves de Galicia (1º A)	10
Os animais e o home (2ºA,2ºB).....	11
Cíes,un paraíso tocado polos Deuses (3º A,3ºB)	13
Viaxe ao esteiro do Miño (4º A, 4ºB)	15
Hábitat do campus Marcosende (5ºA,5ºB).....	17
A reciclaxe (6ºB).....	19
Aposta polas enerxías renovables (6ºA)	20
Be eco-friendly(faite amigo do medio ambiente). (Inglés 4º,5º,6º).....	21
We love nature (encántanos a natureza) (Inglés inf.1º,2º e 3ºpr.).....	22
A vexetación no país de Xesús (Relixión).....	23
Os nenos/as de 4º somos máis responsables	24
Sons da Terra (música).....	25
Sementamos libros,recollemos lectores (biblioteca)	26
Historia dunha sobreira (aula de AL).....	27
Día das Letras Galegas(aula de PT).....	28
Lois Pereiro (1ºB)	29
Departamento de Orientación	30
Rapazadas	31
O entroido no Pombal vestiu de natureza	32

EDITORIAL

Xa chega o fin de curso, aparcaremos os libros, libretas, bolis e lapis durante o verán...se podemos!

Coma cada ano, nestas datas, editamos a revista "O Lanza!". Este ano adicada á concienciación do coidado do noso medio.

Ao longo deste curso fixéronse múltiples actividades dende o Equipo de Normalización Lingüística, Complementarias e Extraescolares, Biblioteca, Tics, ciclos, especialidades, Equipo Directivo e ANPA. **Todos traballamos por unha causa común: o coidado do noso contorno, o noso cole.** Inauguramos o Horto Escolar, que xa deu os seus primeiros froitos, a patrulla verde do Pombal; o vermicomposteiro, no que as miñocas seguen crescendo alimentadas polos restos das nosas merendas; adquisición de colectores de separación de residuos repartidos por todo o cole, e outras moitas actividades feitas nas aulas.

Agora teremos un merecido descanso para recargar as pilas (recargables).

Pasade un bo verán. Démonos pronto o.

A Directora. Begoña



CARTAS Á EDITORIAL

Ola, chámome Xiana. Son unha rapaza de 6º e estudo no colexio "O Pombal". Dame moita pena deixar o colexio, pero tamén faime moita ilusión chegar ao instituto. Estes anos pasaron moi rápido, demasiado, e vou botar moito de menos aos meus compañeiros e mestres. É moi importante o colexio no que estudas, xa que iso marcará a túa forma de ser. O colexio "O Pombal" está no meu corazón e sempre lembrarei todo o que ali vivín.

Moitos bicos,

Xiana(6ºB)

Ola! Chámome Uxia. Este ano acabo 6º. Cheguei ao colexio cando tiña seis anos, e todo este tempo pasou "voando". Botarei de menos todo, ata as clases máis aburridas! Aquí coñecín ás miñas mellores amigas, e despedirme delas daime moita pena. Vivimos moitos momentos especiais xuntas. Nunca os esqueceréi! Neste colexio aprendín a ser responsable e respetuosa. Agradezo moito o traballo d@s miñ@s profesor@s. Sodes @s mellores!!!

Moitos bicos, Uxia(6ºB)

Ola, chámome Alex e curso 6º de primaria o que significa que pasarei a E.S.O. Meus compañeiros e máis eu estamos moi tristes de irnos porque aquí pasamos a nosa infancia.

Deste curso gustárame destacar a conducta ecolóxica do colexio con actividades como a "Patrulla Verde", que nos ensina a reciclar, a non tirar lixo ao chan,... e o "Horto escolar" que nos ensina como prantar as nosas propias hortalizas, ademais de pasar un bo rato.

Alex (6ºB)



Esta carta vai sobre a Patrulla Verde e a miña estancia no colexio.
A Patrulla Verde ensinanos que reciclar é bo, é necesario... non só reciclas, alimentas ós vermes, aprendes cousas sobre a natureza, senón que coñeces a compañeiros cos que nunca antes pararas a falar.
Este é o meu último ano no colexio (ou iso espero). Vou botar moitas cousas de menos pero, sobre todo, aos meus mestres, aos meus amigos máis pequenos e, tamén, a algúns da miña clase. Espero que sigades coa Horta e con esas cousas tan especiais. Vaime custar moito para o ano que vén pero verémonos no Nadal e en fin de curso.

Antía 6ºA

Os proxectos que se están a facer este ano no colexio parécenme moi ben, posto que son –a maioría- moi educativos. Coa patrulla Verde aprendemos a traballar, aínda que non apeteza; a colaborar entre nós; a cumprir coas responsabilidades; a reciclar... Coa horta, aprendemos a cultivar a terra, observamos o desenvolvemento das plantas e como son antes de ser cocinadas...

Ademais, no verán van ampliar o colexio para que os nenos dos próximos cursos teñan máis espazo; mágoa que para entón nós xa non estaremos. Vou botar moito de menos o colexio, en especial as miñas titoras. Tamén ós outros profesores que me deron clase e as grandes experiencias vividas.

Maria 6ºA

Creo que a idea da “HORTA” está moi ben. O que máis me gusta dela é que xogamos e a vez aprendemos moitas cousas sobre as plantas. Este é o último ano no colexio e vou botar de menos iniciativas tan brillantes coma esta. Espero que o colexio nunca cambie e sempre sexa así de divertido, como é agora.
Vou botar de menos aos meus mestres e aos meus compañeiros.
“Moitas grazas por todo.”Bicos”

Mar 6ºA

Creo que a idea da Patrulla Verde é fantástica. Antes os nenos tiraban cousas ao chan como papeis, zumes, pipas... agora o colexio está mellorando moito. Os nenos aprendemos a reciclar e a consumir menos.
Tamén está a idea da horta, todo o colexio está agusto con ela. Alí aprendemos a cultivar, plantar, transplantar, regar e tamén observamos como medran as plantas, canto tempo tardan en crecer e moitisimas cousas máis.
Con todo o novo que está ocorrido e vai a ocorrer estou triste. O ano que vén voume do colexio e vou botalo moitísimo de menos. Levo aquí dende os tres anos e aquí foi onde vivín moitas aventuras e onde coñecín as miñas mellores amigas.

Fátima 6ºA

Chámome David e nesta carta quero destacar unha das actividades que se levaron a cabo neste curso: a Patrulla Verde. Consiste en coidar o colexio: aforrar luz, recoller os papeis do chan... A idea da Patrulla Verde fai o colexio máis limpo, e con esa idea intentamos que pouco a pouco a xente se una con nós para reciclar e así conseguir un mundo mellor.

David(6ºB)

PATRULLEIROS E HORTO ESCOLAR

A PATRULLA VERDE E O HORTO ESCOLAR :

Nace esta idea do enorme interese do centro en manter uns hábitos de hixiene e limpeza absolutamente necesarios e pertinentes en rapaces e rapazas destas idades. Con esta iniciativa pretendimos concienciar ao alumnado da importancia de manter limpo o lugar no que habitamos e reciclar o lixo que xeramos.



Os patrulleiros somos os nenos e nenas das clases de 4º, 5º e 6º de primaria que imos facendo quendas cada semana no recreo. Somos os encargados de informar aos demais nenos e nenas onde deben depositar os envases das súas merendas, para reciclar dun xeito selectivo (papel, plásticos, envases tetrabrik...)



Seleccionamos os restos das merendas e dámoslle de comer aos vermes.

Tamén temos que coidar do vermicomposteiro!



As miñocas comen froitas, papel sen colorante, pousos de café, pan, pelo, ... Moi triturado.

O humus de miñoca que producen o utilizaremos para abonar o horto.

Todo o colexio está animadísimo! Tivemos que parcelar, escavichar a terra, eliminar as malas herbas, sementar pero...

POR FÍN XA ESTÁ EN MARCHA O HORTO ESCOLAR!

Temos plantadas: Leitugas, tomates, allos, pementos, herbas aromáticas,



EDUCACIÓN INFANTIL, 3 ANOS A ARBORES DE FOLLA CADUCA:



AS FOLLAS DO **FALSO PLATANO** SON GRANDES E CON FORMA DE ESTRELA, COAS BOLIÑAS DO SEU FROITO PODEMOS XOGAR NO RECREO.

AS FOLLAS DO **CASTIÑEIRO** SEMELLAN ESPADAS MEDIANAS, E AS CASTAÑAS COMÉMOLAS NÓS NO MAGOSTO.



OS CARBALLOS DAN AS LANDRAS QUE COMEN OS ESQUÍOS E OS PORQUIÑOS E NÓS COMEMOS UN XAMÓN BOIIISIMO. AS SÚAS FOLLAS PARECEN PEQUENAS SERPES CÓMENDOSE A COLA.

AS ÁRBORES CAMBIAN DE ASPECTO AO LONGO DAS ESTACIÓNS



PINTAMOS AS FOLLAS DA COR DO OUTONO, PORQUE NESTA ESTACIÓN AS FOLLAS VERDES VÓLVENSE AMARELAS E MARRÓNS E VAN CAENDO FORMANDO UNHA ALFOMBRA NO CHAN.



NO INVERNO Á ÁRBORE CÁENLLE TODAS AS FOLLAS E SÓ SE LLE VEN AS PÓLAS, DESA FORMA PODERÁ PASAR O SOL AO SEU TRAVÉS PARA QUENTARNOS E DARNOS MÁIS LUZ.



NA PRIMAVERA COMÉZANLLE A SAÍR AS FLORES QUE IRÁN, POUQUIÑO A POUCO, TRANSFORMÁNDOSE EN FROITOS.



UN POUCO MÁIS TARDE SÁENLLE AS FOLLAS MOI VERDES.

NO MES DE MAIO OS FROITOS DA NOSA ÁRBORE CONVÉRTENSE EN FERMOAS CEREIXAS VERMELLAS.




NO VERÁN AS ÁRBORES ESTÁN CHEAS DE FOLLAS QUE LIMPAN O AIRE PARA PODER RESPIRAR, NOS DAN SOMBRA PARA NON PASAR CALOR E NOS DAN FROITA PARA ALIMENTARNOS.

3 ANOS - B

EN CORRUBEDO HAI UNHAS DUNAS QUE
NOS LEMBRAN ÓS DESERTOS DE ÁFRICA

4 ANOS





ÁRBORES CON FROITOS NO OUTONO

CASTIÑEIRO



NOCEIRA



MARMELEIRO



ABELEIRA



AMENDOEIRA



GRANADO



FIGUEIRA



KIWI



5 ANOS A



ÁRBORES

DE

FOLLA

PERENNE

AS ARBORES DE FOLLA
PERENNE SON AS QUE
MANTENEN AS
FOLLAS DURANTE

TODOO ANO. A ARBORES
NUNCA ESTA ESPIDA

5 ANOS 8



LARANXO



LIMOEIRO



OLIVO



AVES DE GALICIA

1-A



As **pombas domésticas** viven nos pombais. No noso colexio houbo un pombal.



As **andorinhas** son grandes **viacelebras**.



Os **pardais** xúntanse para durmir.



Os **marcos** machos son negros pero as femias son do cor parda.



En Vigo hai moitas **gaireotas**. Viven na beira do mar.

2ºA

DESCRIPCIÓN:

Animal de ~~bo~~ tamaño, co corpo de aspecto macizo e pesado cuberto por pelo curto de cor variable.



O LEITE E OS PRODUTOS DERIVADOS

Dos vacas obtemos o leite. Unha parte do leite destínase a fabricación dos queixos. En Galicia son famosos os do Cebreiro, os de Arzúa... Gracias ó leite tamén temos o iogur, a nata e a manteiga.



Os sentidos:

Ten o ollo moi desenvoluido e a orelleira moi fina.
A vista é deficiente e o gusto pouco desenvolvido.



GATO



Imos contar algo do traballino
que fixemos os nenos/as de 2º B
sobre o gato e a galinha.


O gato é un animal que vive coas persoas
desde hai case 8.000 anos.

É un animal mamífero. Ten un cido
excelente. Gústalle comer varias veces
ao día. Vive unha media de 15 anos.



Ditos

Aquí hai gato encerrado.
De noite todos os gatos son pardos.



GALINHA



A domesticación da galinha empezou hai
máis de 4.000 anos na India.

A galinha é unha ave de tamaño
medio, ten o corpo cuberto de plumas.
Os machos son máis grandes.

Aliméntase de herbas, grãos, penso, restos de
comida, etc.

Reproducíase por ovos

Ditos

Galinha que non pon ovos ao caldeiro.
Polo San Antón a galinha pon.



CIES UN PARAISO TOCADO POLOS DEUSES



Na Idade Media estiveron os Normandos e no século XI foi un eremitorio benedictino do que se conservan os restos dun dos conventos na Illa do Faro. Tamén se atopou unha necrópole medieval cun sartego antropomorfo e dúas tumbas. Existen referencias de sucesivos ataques dos piratas árabes e normandos que provocaron a fuxida dos poboadores autóctonos por moitos anos.

No século XVI recalou neas o pirata Drake que invadiu a Ría de Vigo, atacando todo o que atopaba no seu camiño.

No século XIX instólanse dúas fábricas de sal, pesqueiras e almacéns.

Nos comezos do século XX repóboanse as illas por familias do Morrazo que ante a penuria da vida nas mesmas abandonanas.

Hoxe en día continúan sen poboar de maneira estable, aínda que existe unha gran afluencia de turismo no verán.



Convento Benedictino

Historia

As aves marinhas



Aves terrestres dos cantis



As aves do bosque



Aves do mato



3ºA e 3ºB


ORNITOLOXÍA NO ESTEIRO DO MIÑO

Autores: Mauro, Manu, Kevin y Yoel (4ºB) e Taya, Unai, Desi e Katy Agustin, Violeta, Alexandra e Yéssica (4º A)

O 22 de marzo fomos ao esteiro do río Miño. Na nosa viaxe, a primeira parada foi no centro de interpretación de aves ANABAN(Asociación Naturista do Baixo Miño). Había maquetas, niños e fotos de baleas, feces de paxaros e cranios de golfinhos, quenllas, cabalos, ovellas

Prestáronnos uns prismáticos e tamén nos deron un caderno de campo, buscamos aves como: A Garza Real, o corvo mariño, a garzota, a gaivota chorona

As aves do Esteiro do Miño están con nós un determinado tempo, logo teñen que viaxar. As veces viaxan días ou semanas en dirección ao norte de Europa. Algunhas aves aínda non emigraran,



MONTE TEGRA. Autores/as: Eli, Luís, Iago Nico e Alicia-

O monte Santa Tegra é un monte moi alto de 314 m, pertence á comarca do Baixo Miño na Garda. Nel fai 2.000 anos os celtas construíron un castro, son unhas casiñas de pedra circulares co teito de palla. . Unha desas casiñas está reconstruída como era antes, por dentro tiña unha cama feita con paus de madeira. Alí vivían os celtas cos seus animais. Fóra das casas había un recinto construído que eran os seus almacéns e tiñan fornos de pedra onde facían o pan.





O MUSEO DO MONTE SANTA TEGRA.

Autores: Lidia, Ana, Karina, Jorge y Xose

O museo está na parte máis alta do monte Santa Tegra. Foi creado no ano 1914. Ali hai restos da época dos celtas e romanos como: restos de cerámica, ladras, moedas romanas, obxectos de bronce e outros materiais. Adornos como torques, armas como puñais. Instrumentos como coitelos, machadas, fouces, agullas... Tamén varios

fornos de pedra.

Dende enriba do monte viase o esteiro do Miño, na súa desembocadura no Océano Atlántico. A outro lado do río está Portugal porque o río fai fronteira entre os dous países

COMIDA EN PORTUGAL, VILA NOVA DA CERVEIRA

Autores: Noemi, Denis, Alex e María.



Pasamos de España a Portugal, cruzamos A Ponte "Das Amizades" e chegamos a Vila Nova. A paisaxe era de costa e transformada polos homes, e había un estanque con rás e tiña un museo ao lado. Comemos nun parque en mesas, e xogamos a carreiras de carretilla,...

AQUAMUSEUM DO RÍO MINHO

Autores: Tomás, Laila, Michelle, Genoveva.

O Aquamuseum está en Portugal (Vila Nova de Cerveira), preto do Río o Miño. Ten 9 pozas con peixes representativos do río Miño, dende o seu nacemento ata a desembocadura: troitas, estrelas de mar, ourizos de mar, cangrexos, linguados, lampreas.

Había tamén 2 londras, o macho Einstein e a femia Eureka



HÁBITAT DO CAMPUS

MARCOSENDE

On menos do curso de 5^o fomos ao campus Sagres - MarcoSENDE ali estão a maior parte dos centros da Universidade de Vigo. vimos a flora e a fauna do entorno.

FAUNA

AVE PEGA



Plumaxe branca, costas e ventre brancos co resto negro, ás curtas e rabo longo.

ANFIBIO SAPO



Cor verdeza, mas común parda. Patas pequenas, pel verrugosa.

MAMÍFERO COELLO



Cor gris cola curta-orellas longas e alfas grandes.

RÉPTIL LAGARTO



É de cor verde herba. A súa cola é máis longa ca cabeza e corpo xuntos.

FLORA

O campo das lagoas nasce na ladeira do rio, entre os 390 e os 450 metros.



Digitalis purpurea - Sarracenia, Oregano



Ilex aquifolium - Actea (jacinto)



ÁRBORES E ARBUSTOS



Ulex micranthus



-A- O fento real (*Osmunda regalis*) e -B botões de ouro (*Ranunculus* spp.) son componentes habituais da flora das ribeiras.

A Reciclação

Definição:

A reciclagem é um processo físico-químico ou mecânico que consiste em obter matérias primas a partir de resíduos, introduzindo-os de novo no ciclo da vida. Produz-se ante a perspectiva do esgotamento de recursos naturais, e para eliminar de forma eficaz os resíduos.

As três R's

Hai tres regras mundiais para ajudar ao medio ambiente:

- Reduzir é eliminar a quantidade de materiais destinados a um uso único.
- Reutilizar é dar-lhe unha segunda vida aos produtos.
- Reciclar é un conjunto de operações para recolher e tratar os resíduos.

Tipos de colectores:

- Colector azul: papel e cartão.
- Colector amarelo: briks, plásticos, latas e papel de alumínio.
- Colector verde: orgânico (produtos biodegradáveis).
- Íglo verde: vidro.

Vantagens

- Preservação dos recursos naturais, pois a matéria reciclada reutiliza-se.
- Redução do volume de resíduos, e pelo tanto da contaminação.
- Redução de custos associados a produção de novos bens.

6ºB

NA PRAIA...



APOSTA PONS

ENERXIAS RENOVABLES



6-A Leroy

Be eco-friendly
Reduce Re-use Recycle

In the English
 classroom...

Uxia 6th

BEWARE OF YOUR ENVIRONMENT: How can you help the River Miño Estuary environment?




SOME FOREST TREES IN THE RIVER MIÑO ESTUARY

SCIENTIFIC NAME	GALICIAN NAME	SPANISH NAME	ENGLISH NAME	Gaelic NAME
<i>Quercus Suber L</i>	Sobreira	Alcornoque	Cork Oak	Corc dair

- How tall can this tree be?
It can be 25m tall.
- Where does this tree live?
It lives in forest.
- How long can the leaves be?
The leaves can be 25cm long and 12cm wide.
- What's the colour of the leaves in Autumn?
Green
- What's the name of the fruit?
Acorn.
- When can you eat the fruit?
Animals eat this fruit from September to January.

Draw the tree in Summer, Autumn and Winter.
 Draw a leaf, a fruit and a part of the trunk, Label The pictures.



Ecosystems are made of many parts, all interacting with each other.
 Being Green means understanding ecosystems.

(4º, 5º e 6º estudiamos o Ecosistema do esteiro do Río Miño)

We Love Nature

We can say some trees: plane tree, orange tree, chestnut tree,...



We can say some words about the landscape in Corrubedo's Dunes: beach, sea, sand, sky and dune.

We can say some birds: pigeon, blackbird, sparrow, swallow.



We can say some words about Indian corn: cob, ear, stalk, plant, grain, leaf, root,

We can say some farm animals: cow, hen, horse, pig, cat,...



We can say some words about vegetation and animals in Cíes Islands: seagull, spider, fish, insect,



ENGLISH
Inf. 3,4,5 anos
1º, 2º, e 3º de Primaria

A VEXETACIÓN NO PAÍS DE XESÚS



Palestina ten varias zonas climáticas, que van dende un clima alpino ata o desértico, pasando por un clima tropical. Polo tanto conta con unha grande variedade de plantas, das que se censaron ata 2780 especies diferentes.

Os principais cultivos son:

- ✓ **VIDE:** planta ou arbusto que da como froito a uva coa que se fai o viño.
- ✓ **OLIVEIRA:** árbore que ten como froito a oliva da que se extrae o aceite.
- ✓ **TRIGO:** planta herbácea con espigas da que se obteñen grans para facer fariña para o pan.
- ✓ **PALMEIRA:** árbore que da como froito os dátiles.



NA BIBLIA TAMÉN ATOPAMOS ESTES CULTIVOS

- **Mt 26,27-29:** "A ÚLTIMA CEA". Xesús reparte o pan (trigo) e o viño (vide).
- **Jn 12, 12-13:** "ENTRADA DE XESÚS EN XERUSALÉN". A xente sae a recibir a Xesús con follas de palmeira.
- **Mc 14,39:** "ORACIÓN NO MONTE DOS OLIVOS". Xesús, a noite antes de morrer, rezou entre as oliveiras.

AULA DE
RELIXIÓN

OS NENOS DE 4º SOMOS MÁIS RESPONSABLES

O coidado e o respecto pola natureza son uns valores que tódalas persoas deberían cumprir.

Para que isto sexa unha realidade, habería que fomentar máis a responsabilidade; así que na clase de Relixión, os nenos e nenas de 4º, estivemos coidando dun ovo durante unha semana.

Tivemos que traelo ao cole tódolos días, tendo moito coidado de que non romperá. Despois fixemos unha exposición con todos eles.

Aquí podedes ver algunhas fotos.



AULA DE
RELIXIÓN

S O N S



TERRA



A Música, como a água ou o vento,
é um elemento nascido da natureza.
Harmoniza-se a través de objectos
sonoros dentro variedade infinita.



Aire sonora
notas o vento
música libre
en movimento
A. García Teijeiro

SEMENTAMOS LIBROS, RECOLLEMOS LECTORES.

O ano 2011 é declarado pola UNESCO "Ano Internacional dos Bosques". Dende a Biblioteca Castelao propuxemos á Comunidade Educativa traballar sobre un tema relacionado con esta efeméride: a natureza. O lema elixido foi: "Sementamos libros, recollemos lectores".

A maioría dos traballos, propostas e actividades organizadas no colexio, contando coa coordinación dos distintos equipos, xiraron arredor desta temática:

- Libros agasallo Nadal (temática relacionada coa natureza): Me gusta la naturaleza, A pel do crocodilo, A pequena árbore, O home que plantaba árbores, Perigo vexetal,...
- Día da Paz: interpretamos a canción "O Progreso".
- Entroido: disfrazámonos de fadas e trasnos do bosque, flores, froitas e coidadores do medio ambiente.
- Semana da Prensa: mural coas noticias, aportadas polas familias, sobre árbores e bosques.
- Semana da Poesía: agasallo de poesías sobre a natureza nas 3 linguas (castelán, galego e inglés).
- Libro xigante: traballo interdisciplinar de educación documental sobre diversos temas relacionados coa natureza (árbores de folla caduca e perenne, as Dunas de Corrubedo, árbores con froitos as aves de Galicia, o millo, os animais da granxa, as Illas Cies, a fauna no Esteiro do Miño, o monte Tegra, hábitat do Campus Marcosende, as froitas, a reciclaxe e o medio ambiente, a vexetación e o clima no país de Xesús, os sons da natureza, We love Nature World, Horto Escolar, a sobreira,...).
- Outros proxectos que xurdiron a raíz do desenvolvemento deste traballo:
- Patrulla Verde.
- Horto Escolar.
- Proxecto Arce: proposta dende o Equipo de Orientación.

Desexamos que aprenderamos todos e todas un pouquiño máis sobre estes temas, reflexionando sobre eles e sobre todo respectando e coidando con mimo o noso mundo.





“Historia dunha sobreira”

Grupo de teatro:: Maria Casares (AL)



Debido a celebración do Ano Internacional dos Bosques, queremos, con esta obra, despertar en toda a poboación escolar, un sentimento de agarimo e agradecemento á Natureza : en especial a esas árbores tan fermosas que temos no noso patio, que nos acompañan, nos escoitan silandeiras e nos dan vida.

CEIP O POMBAL



Lois Pereiro



Nace, o 16 de febreiro de 1.958 en Monforte de Lemos, Lugo.



Istes libros son parte da súa obra.



As letras galegas do 2011 dedícanse a este escritor.

P.T



⇒ Lois Pereira nasceu em Montforte de Lemos (Lugo) em 1958. Logo foi a Madrid. Voltou ao Povo tempo para trabalhar na Cristaleria de seus pais. Morreu na Coruña.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ESCOLAR

No departamento de orientación escolar ademais de atender as demandas do profesorado, das familias, dos servizos médicos ou das institucións sociais; tamén realizamos PROGRAMAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E PLANS DE MELLORA nos aspectos que cremos merecen a nosa atención. Un dos programas desenvolto este curso foi o seguinte.

"PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR PARA ESCOLARES CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS MEDIANTE TICs"

Andrés Santamaria Alonso está realizando o Doutoramento no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación na Universidade de Santiago sobre alumnado con altas capacidades (superdotados e con talento).

A súa tese titulada **"Programa de enriquecemento curricular para escolares con altas capacidades intelectuais mediante TICs"** ten un enfoque práctico; e busca desenvolver un método de ensino que axude ó profesorado a atender ás necesidades dese alumnado específico. Está dirixido ó alumnado escolarizado en 3º, 4º e 5º curso de primaria con capacidades altas (talento verbal, talento matemático, talento académico, talento múltiple, talento complexo, talento conglomerado...).



Andrés co seu alumnado



Outro alumnado participante no programa

Este programa desenvolveuse durante tódolos luns do curso na Aula de Informática e na Biblioteca da escola.

O alumnado constitúese en diferentes grupos e realizaron traballos de investigación planificados do seguinte xeito.

GRUPO 1: Mario Pena, María Prieto, Brais Francisco, Tais González e Yuleima Martínez traballaron sobre "Materia e enerxía", "Obxectos, máquinas e tecnoloxía" e "As etapas da historia".

GRUPO 2: María, Antía Rodal, Xoán Lorenzo, André Sánchez e Mauro Rodríguez traballaron sobre "O entorno e a súa conservación", "A diversidade dos seres vivos" e "Cambios no tempo no Planeta Terra".

GRUPO 3: Xoana Rodríguez, Alba Pereira, Sara Benítez, Juan Andrés e Denis Crende traballaron sobre "A diversidade dos seres vivos" e "Obxectos, máquinas e tecnoloxía".

Andrés Santamaría tamén realizou de xeito individual probas de psicodiagnóstico para a súa investigación.

Dende o Departamento de Orientación Escolar agradecemos a Andrés que escollera a nosa escola como unha das participantes na súa investigación e tamén agradecemos ó alumnado e familia a maravillosa colaboración prestada ó longo do presente curso.

RAPAZADAS



Preguntas dun exame de coñecemento;escribe os nomes dos osos do brazo:

Resposta: cubículo,útero e radio.

(4º A)

Expresa a túa opinión sobre as actividades culturais que che gustaría que se programaran no teu colexio:

"Gustárame que se puideran facer carreiras de caracois os luns,martes e venres"

"Gustárame que se fixera unha festa ao mes,deixando 2 horas de recreo e máis tempo para ler e facer 1h de plástica"

(4º A)

Estabamos na clase buscando palabras que empezaran por :

MAAAAAAAAA e dixeron: Mamá,maleta

por MEEEEEE:médico, merenda

.....

Por MUUUUUUUUUUU: ¡¡¡¡¡VACA!!!!!!!!!!!!

(4 anos)

Na hora da merenda unha nena non quere seguir tomando o plátano. Entón acercase outra rapaza e dille:

"Venga un poquito más, anda come. Y lo que no quieras se lo tiras a la cadelita"

(5 anos B)

Nunha excursión, un neno premeu o botón do autobús para baixar as cadeiras de minusválidos (que ten dedebuxada unha cadeira de rodas) e un compañeiro que o viu díxolle que se ía converter en vello. O neno que premeu o botón preguntoulle á profe todo preocupado se de verdade se ía converter en vello.

(5 anos B)

Facendo un quebracabezas. Un neno non é quen de continuar. Entón unha nena acercase e dille _! mira lo primero que tienes que hacer es ponerlo del derecho!" _

(5 anos B)

Curiosidades musicais: os instrumentos cambian de nome:

O contrabaixo transformouse en sintrabaixo, as claves en chaves. (Músi

O entroido no Pombal vestiu de natureza





